



Concello de Vigo

**JOSE RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,**

**CERTIFICA:** Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día **26 de setembro de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

**3.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 10.09.19, POLA QUE SE APROBAN AS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2019. EXPTE. 56/142 (REXISTRO PLENO 1868/1101).**

ANTECEDENTES.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 10 de setembro de 2018, que di o que segue,

“De acordo co disposto no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, abriuse a plataforma do Ministerio de Facenda para remitir as liñas fundamentais do Orzamento do ano 2019.

ANTECEDENTES

O artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, en adiante (LOEOeSF), establece que antes do 1 de outubro de cada ano, as Comunidades Autónomas e Corporacións Locais remitirán ao Ministerio de Facenda e Función Pública información sobre as liñas fundamentais que conterán os seus Orzamentos, a efectos de dar cumprimento aos requirimentos da normativa europea.

O artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, redactado polo apartado nove do artigo único da Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, establece que antes do 15 de setembro de cada ano remitiranse as liñas fundamentais do orzamento.

Con data 24 de xullo iniciouse o procedemento para a formación e aprobación das Liñas Fundamentais do Orzamento do ano 2018.

En cumprimento da Resolución de esta Alcaldía de 31 de xullo de 2018, polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda ditáronse as directrices para a proxección do Orzamento do ano 2019, que figuran no documento anexo ao expediente con data de sinatura de 01/08/2018 .

Coa data da sinatura electrónica que figura no informe, emitíuse pola intervención informe para valorar as Liñas Fundamentais do Orzamento.

Vista a proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, de conformidade co disposto no artigo 168.1 do Real Decreto Legislativo



2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

#### RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as Liñas Fundamentais do Orzamento elaborado por esta Entidade Local para o perímetro de consolidación nos termos do SEC - 2010, que servirán de base para a elaboración do Orzamento do ano 2019.

SEGUNDO. Remitir as Liñas Fundamentais do Orzamento do Concello de Vigo ao Ministerio de Facenda polos medios telemáticos habilitados ao efecto.

TERCEIRO. Dar conta da Resolución ao Pleno da Corporación, remitindo o expediente completo.

CUARTO. Notificar ao Sr. Interventor aos efectos de asinar a remisión das mesmas antes das 24 horas do día 14 de setembro de 2018.”

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 19.09.18, quedou informada.

*De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.*

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e prace do Excmo. Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo á data da sinatura dixital.  
am

Vº e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.

